



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A SUPRESIÓN DO DEBATE DO ESTADO DA PROVINCIA QUE SE CELEBRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

A Deputación de Ourense celebra, desde hai dous mandatos, unha sesión extraordinaria do pleno durante a que, supostamente, se debate o estado da provincia e se aproban propostas de resolución, co fin de executar proxectos, iniciativas e outros acordos de análoga natureza, para mellorar a situación económica, social, política e cultural. En España, a xénese deste tipo de iniciativas sitúase no ano 1983, cando o presidente do Goberno socialista, Felipe González, impulsou a celebración no Congreso dos Deputados dun “debate sobre a situación xeral de España”, baseado nas comunicacións previas que o goberno da UCD presentaba ás Cortes durante a transición.

A transposición á Deputación Provincial daquela idea que no Estado si cumpre a súa función, supuxo unha perversión absoluta do seu trasfondo e dos seus obxectivos, posto que non hai debate algún sobre o estado real da provincia, e a sesión só serve para que os grupos políticos da corporación fagan, entre anuncios grandilocuentes, ensoñacións e propaganda presidencialista, un relatorio de propostas de resolución que, a pesar de ser aprobadas nalgúns casos, logo non son executadas.

Durante o pasado mandato 2015-2019, o 87 % das propostas aprobadas están sen cumprir. Das 57 presentadas nas sesións celebradas en 2016, 2017 e 2018, hai 43 propostas sen executar e doutras sete non hai datos sobre o seu cumprimento, posto que son ideas vagas e sen contido práctico. Do ano 2016 están sen cumprir o 73 % das aprobadas. Do 2017 seguen en barbeito o 93 % dos acordos. E do ano 2018 máis do 95 % están tamén sen executar por parte de goberno provincial.

O pleno aprobou durante o debate do ano 2017 unha proposta do Grupo Popular para *“axudar a preservar para xeracións vindeiras o patrimonio inmaterial da nosa provincia, agora só dispoñible na memoria dos ourensáns máis lonxevos e susceptible de desaparecer progresivamente co paso do tempo”*. Que repercusión real tivo esta decisión da maioría de membros daquela corporación? Ningunha, excepto a presenza de titulares nos medios de comunicación. Que papel xogaron as necesidades reais da provincia en aquel acordo? Ningún papel, excepto o de floreiro.

O actual socio de goberno do PP na Deputación, o grupo Democracia Ourensana, por boca do seu líder, tachou este debate como “unha obra de teatro” dun “showman” -sinalando directamente a Manuel Baltar- que trae “palmeiros” -en referencia ós deputados e cargos populares noutras institucións públicas situados entre o público- mentres “desbarra sobre a

www.psdegpsodepourense.es

socialistaourense@gmail.com

Facebook: [PSdeGdeOurense](https://www.facebook.com/PSdeGdeOurense)

Twitter: [@PSdeGDepOU](https://twitter.com/PSdeGDepOU)



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

provincia”. “O discurso de Baltar neste debate é o de un tolo porque da a sensación de que non estaba a falar da última ou a penúltima provincia de España”, asegurou Gonzalo Pérez Jácome durante a celebración do debate en 2017. “Vimos aquí de figurantes para que lle fagamos o show co seu xoguete”, insistía Jácome que agora pasou de figurante a cómplice necesario do show e do teatro que insultaba e que quería suprimir.

As sesións celebradas ata o de agora, non foron nin coherentes nin útiles á hora da converterse nun espazo transversal para expoñer, debater e tratar de atopar solucións consensuadas ós problemas reais da provincia. Baixo o mandato do Partido Popular, agora co aplauso de Democracia Ourenzana, o salón desta institución centenaria reconvértese no salón da muller protagonista do filme *Good Bye, Lenin*. Nesa película, o fillo da señora Christiane transforma o seu salón nun espazo illado e ancorado no pasado, mediante mentiras e medias verdades, no que a súa nai vive crendo que nada cambiou na República Democrática Alemá, a pesar de que o Muro de Berlín xa fora derrubado.

O que inicialmente era unha simple actuación do seu fillo, acabou por ser unha gran estafa para a señora Christiane, na que tamén participaron outros membros da familia, amigos, e algúns dos veciños. O debate do estado da provincia, tal e como se celebra nesta Deputación, é tamén unha gran estafa coa que se engana ós e ás ourensáns mediante mentiras e ensoñacións duns poucos. Esta institución provincial debe cumprir o mandato do artigo 103 da Constitución Española no que se determina que a Administración Pública “serve con obxectividade ós intereses xerais”, e un debate con estes actores e coa acreditada falta de resultados, só serve con parcialidade intereses personais.

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Que a Deputación de Ourense suprima a sesión extraordinaria e anual do pleno na que se celebra o debate do estado da provincia.

En Ourense, 14 de novembro de 2019

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdegpsosedepourense.es

socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGdeOurense

Twitter: @PSdeGDepOU